

REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS
ACTA Nº4

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Yolanda T. Lesmes Romero

Vicexerenta de Recursos Humanos:

Noemi Sirera Diéguez

Director de Área:

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

XUNTA PTXAS

Rodrigo Alberte Pivida (CIG), secretario

Mª José Ríos Santomé (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Paula María González Pérez (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Remedios Lameiro Diéguez (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

Mª Nuria Andiñón Rodríguez (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Javier Novas Míguez (FOL)

Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)_Deleg Sind

Raquel Aldrey Río (CCOO)_Delegada Sindical

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 11:00 horas, do 23 de xullo de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da sesión anterior de data 09 de xullo de 2025.
2. Informe sobre as incidencias na matrícula da Universidade de Vigo.
3. Modificación puntual da RPT. Centros de apoio a investigación.

Firmado por ALVERTE
PIVIDA RODRIGO -
***4717** el día
04/12/2025 con un
certificado emitido



4. Peche da Convocatoria dos subgrupos A1 e A2 para a execución das OEP 2023 e 2024.
5. Proposta de concurso de méritos para categorías diferenciadas.
6. Oferta de Emprego público 2025.
7. Alegacións a proposta da estrutura de ATIC.
8. Programa piloto de flexibilidade horaria.
9. Rolda de intervencións.

1. Aprobación da acta da sesión anterior de data 09 de xullo de 2025.

Logo de non ter recibidas alegacións, apróbase a acta.

2. Informe sobre as incidencias na matrícula da Universidade de Vigo.

A xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos informa de que a USC rompeu co pacto non escrito de compensación das tres universidades galegas polo que o persoal se atopa con que ten que adiantar o diñeiro das matrículas. No último trimestre sairá unha convocatoria de Acción Social para que o persoal que tivo que aboar o custo das matrículas poida solicitar o reintegro da mesma.

3. Modificación puntual da RPT. Centros de apoio a investigación.

A xerenta di que se retira parcialmente a proposta anterior por falta de apoio e explica que o que se vai presentar ao vindeiro Consello de Goberno é a creación da praza de TS de apoio á docencia e investigación, Subescala Microscopía Electrónica logo da amortización da praza de TS de apoio á docencia e investigación, Subescala Teledetección dado que nin a actividade do servizo nin a avaliación do Consello de Dirección do Cacti, avalan o seu mantemento. Segue a recoñecer a necesidade de crear as prazas de responsable de taller pero aprázase para negociacións futuras.

María José Ríos Santomé indica que o Artigo 92 dos Estatutos da Universidade de Vigo obrigan a solicitar informe por escrito á Xunta de PTXAS á hora de modificar a RPT.

A xerenta responde que efectivamente así se fará e pide respondan o antes posible.

4. Peche da Convocatoria dos subgrupos A1 e A2 para a execución das OEP 2023 e 2024.

Firmado por ALVERTE
PIVIDA RODRIGO -
***4717** el día
04/12/2025 con un
certificado emitido



A xerenta explica que se achegaron modificacións aos temarios de TS de Servizos Xerais, Subescala Riscos Laborais e TS de Servizos Xerais, subescala Emprego e Emprendemento. Neste último fixéronse algunhas modificacións logo das consideracións faladas na última reunión así como a petición dalgunha persoa que tamén a fixo chegar á Xunta PTXAS. Algún tema proposto non se incluíu por non estar accesible ao público por ser documentos internos.

Xosé Manuel García Eirín responde que os temarios foron recibidos no día anterior e non lles deu tempo a estudalo para teren unha opinión ao respecto.

Marisa Magaz di que ela elaborou un temario completo de TS de Prevención de Riscos, e que o fará chegar o antes posible xa que hai partes que bota en falta e outras non teñen moito sentido que figuren.

5. Proposta de concurso de méritos para categorías diferenciadas.

A xerenta indica que hai postos diferenciados nas subescalas de TS de Microscopía Electrónica, TS de Análise Instrumental e TE de Transporte e Distribución polo que se debería resolver un concurso previo a convocar os procesos selectivos. O concurso de TE de Transporte e Distribución sería conveniente aprazalo ao igual que se aprazou o proceso selectivo debido á sentenza pendente do TSXG. Propón unha convocatoria cun reparto porcentual para debater na seguinte reunión a puntuación definitiva. Explica que no concurso previo á estabilización no ano 2024 a antigüidade pesaba un 39%, máis de 20 puntos que no concurso de funcionarios. Nesta ocasión proponse incluír ademais da antigüidade (18%), o subgrupo de clasificación (12%) e o grao persoal consolidado (12%). A Formación valorarase nun 13%, o Galego nun 10%, o traballo desenvolvido nun 33% e as medidas de conciliación en máximo 2 puntos. É dicir, achégase a proposta clásica de funcionarios dado que agora todo o persoal é funcionario. Pide que estuden a proposta para debatela á volta das vacacións do verán.

6. Oferta de Emprego público 2025.

A xerenta presenta a proposta da OEP para o ano 2025. Explica que como non hai orzamentos aprobados no Estado, a taxa de reposición segue a ser do 120%. Con 9 xubilacións e unha incapacidade definitiva, acadan 12 postos a ofertar. As vacantes a considerar son 4 C1/C2 na subescala Administración, 4 C1 na Biblioteca, 2 C1 TETIC, 4 C1 TESX e 18 C1 ATXS. Polo tanto, a proposta de xerencia consiste en sacar por promoción interna 2 prazas de TESX e 1 de Administración e sacar 11 prazas por quenda libre: 3 de Administración, 2 TETIC e 6 ATXS reservando 1 praza para a quenda de discapacidade. Pide que estuden a proposta para debatela na seguinte reunión.

Firmado por ALVERTE
PIVIDA RODRIGO -
***4717** el día
04/12/2025 con un
certificado emitido



Federico Fernández pregunta por cales son os postos das xubilacións e cal de incapacidade.

A xerenta responde que son 9 xubilacións e 1 Incapacidade Permanente. As xubilacións son 3 na Subescala de Administración: 1 sección, 1 Área e 1 negociado, 4 na Subescala de Conserxería, 1 ATIC e 1 TEB. A incapacidade permanente tamén foi un TEB.

7. Alegacións a proposta da estrutura de ATIC.

A xerenta di que o Director da Área TIC expuxo ao anterior órgano de negociación do PAS unha presentación en power point sobre a estrutura actual da área TIC. Achegárase esa presentación para que a nova Xunta PTXAS explique a súa opinión sobre o asunto para seguir traballando nesa liña ou noutra de cara a establecer unha estrutura organizativa que derive nunha RPT.

José Manuel García Eirín pregunta se sería unha modificación parcial da RPT ou sería no conxunto da RPT.

A Xerenta responde que con independencia da deriva da modificación xeral da RPT é partidaria en sacar a ATIC xa que é absolutamente necesario.

José Manuel García Eirín lembra que a presentación referida non era unha estrutura como tal senón ideas sobre onde se quere chegar.

A xerenta resume a proposta do director de ATIC explicando que parte de 4 grandes áreas: Operacións, Desenvolvemento e Servizos Comúns, Infraestruturas e Atención ao Usuario. Pretende un modelo baseado na xestión por procesos, na estandarización de metodoloxías e medición de resultados dos servizos ofrecidos. Pide que lle acheguen as melloras ou propostas que estimen oportunas.

Juan Ignacio Nogueira Alonso pregunta á Xerenta que opinión ten desta proposta recordando que na reunión que tivo coa sección sindical de CCOO non quixo dala.

Carmen Veleiro solicita que o director da área TIC volva a explicar o documento diante deste novo órgano de representación.

A xerenta responde que se convocará para a vindeira reunión na que se trate a negociación da RPT.

8. Programa piloto de flexibilidade horaria.

A xerenta pregunta se teñen xa algunha aproximación á proposta achegada pola Xerencia.

Firmado por ALVERTE
PIVIDA RODRIGO -
***4717** el día
04/12/2025 con un
certificado emitido



José Manuel García Eirín di que é un tema complexo do que deben informar ao persoal tratándoo, de ser posible, nunha asemblea. Posteriormente chegarán a súa contraproposta á xerencia.

A xerenta explica que este é un asunto ao que se debería acabar indo por responsabilidade social. Todas as administracións foron quen de chegar a acordos sobre conciliación e flexibilidade e entende que a Universidade de Vigo non vai ser menos.

9. Rolda de intervencións.

José Manuel García Eirín pregunta pola execución da sentenza nas 3 prazas TETIC.

A xerenta responde que están estudando o tema coa Asesoría Xurídica para traer, no mes de setembro, unha proposta de repetición do proceso sacando unha nova convocatoria.

José Manuel García Eirín di que se lles traslada unha baixa no SPRL e pregunta pola súa cobertura.

A xerenta responde que unha vez comprobado que o persoal segue de baixa, se tramitou de xeito inmediato esa substitución.

José Manuel García Eirín pregunta tamén pola cobertura do Técnico Medio que está sen cubrir dende hai moito tempo, e esa cobertura axudaría a paliar a carga de traballo do servizo.

A xerenta aclara que o técnico medio non pode suplir as funcións dun técnico superior e engade que de momento non se vai cubrir a praza de técnico medio.

José Manuel García Eirín di que teñen un escrito dunha compañeira sobre o xeito de cobertura do posto base creado na OPI.

A xerenta di que xa se ten preparada a contestación. A Lei de Emprego Público establece que nun programa especial que consolida en praza, non se pode substituír un interino por outro. Hai numerosas sentenzas nese sentido, e tampouco é a primeira vez que pasa na Universidade. Se un programa consolida en praza, segue a ocupar esa praza o mesmo interino, estea ou non en listas, o único que cambia é o nomeamento.

José Manuel García Eirín di que se recibiron queixas de que o persoal do Servizo de Extensión do SIE en Redeiras ten que atender o Programa de Maiores en Torrecedeira.

A xerenta responde que o PUM non é un servizo académico senón un servizo de extensión e a organización entra dentro das competencias do titular do servizo.

Firmado por ALVERTE
PIVIDA RODRIGO -
***4717** el día
04/12/2025 con un
certificado emitido



José Manuel García Eirín entenden que o PUM o teña que levar o Servizo de Extensión Universitaria pero non entenden que se teña que trasladar unha persoa de Redeiras a Torrecedeira.

Carmen Álvarez Veleiro di que ese posto o estaba a desenvolver unha persoa e ao incluílo no Servizo estase quitando un posto a ese servizo.

A xerenta responde que o Servizo de Extensión Universitaria está suficientemente dotado para desenvolver estas funcións coa organización axeitada e é o propio Xefe de Servizo de Extensión o que organiza ao persoal.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:30h.

A xerenta

O secretario da Xunta PTXAS

Yolanda T. Lesmes Romero

Rodrigo Alberte Pivida

Firmado por ALVERTE
PIVIDA RODRIGO -
***4717** el día
04/12/2025 con un
certificado emitido

